



CONCELLO DE MUXIA

Teléfonos: 981. 74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981. 74 22 98

Rúa Real, 35 - C.P: 15124 (A Coruña)

www.concellomuxia.com

E-Mail: correo@muxia.es

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DIA 7 DE OUTUBRO DE 2020.

Lugar: Casa do Concello
Hora comezo: 20:30 Horas
Hora de remate: 22,51 horas

ASISTEN:

D. Santiago M. Toba Campaña, Alcalde-Presidente
D. Javier Romar Alvarellos
Dna. Olalla Benlloch Lema
D Manuel Caramés López
Dna Mónica Vilela Vilela
Dna. Tania Romero García
Dna. Sandra Vilela Riveiro
D Javier Lema Suárez
Dna. Sofía López Simón
D Carlos Fernández Concheiro

AUSENTE:

Dna. Irma Lucía García Barcia

SECRETARIA: Dna. Rosa Ana García Fernández

INTERVENTORA: Dna. Mónica Iglesias Prego

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na ORDE DO DÍA:

- 1.- Aprobación acta sesión anterior
- 2.-PROPOSTA COMPOSICION COMISIONS INFORMATIVAS
 3. PROPOSTA FESTAS LOCAIS 2021
 4. . PROPOSTA SOBRE ORDENANZAS MUNICIPAIS
 5. . PROPOSTA DE APROBACION DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 16/2020.
 6. . MOCION DO PSOE SOBRE O SOBRECUSTE DOS GASTOS DE LIMPEZA E DESINFECCION DOS CENTROS EDUCATIVOS PARA OS CONCELLOS
 7. . MOCION BNG SOBRE PROTOCOLOS COVID 19 NO ENSINO
 8. . MOCION BNG SOBRE PECHE ISM DE CORCUBION
 9. . MOCION DO PP SOBRE O PECHE DO ISM DE CORCUBION
 10. . MOCION PP SOBRE CONCILIACION DOS PAIS NAIS DE NENOS CON NECESIDADES ESPECIAIS
 11. . Control órganos de Gobierno. Rogos e preguntas

1.-APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR.

A acta da sesión anterior queda aprobada por unanimidade dos membros presentes.

2.-PROPOSTA COMPOSICION COMISIONS INFORMATIVAS

Intervén o Sr Alcalde: “Despois de que catro concelleiros/as abandonasen o grupo municipal socialista, é necesario reorganizar as Comisións Informativas, de aí esta proposta.”

A continuación intervén a voceira do grupo municipal do PP, Dna Sandra Vilela, para manifestar o seu acordo coa proposta, como tamén o fai D. Carlos Fdez e Dna Mónica Vilela, en nome, di, do resto dos concelleiros non adscritos.

Sometida a proposta a votación queda aprobada por unanimidade coa seguinte composición das Comisións Informativas:

G.m. Psoe: 2 concelleiros/as

G.m PP: 2 concelleiros/as

Grupo mixto (BNG): 1 concelleiro

Membros non adscritos: dous en cada comisión.

A Secretaria manifesta que lle comunicaron, para expoñer na sesión, que Dna Mónica Vilela e D Manuel Caramés estarán presentes en todas as Comisións Informativas e Dna Irma García e Dna Tania Senlle farano como suplentes.

O Pleno queda enterado.

3.-PROPOSTA FESTAS LOCAIS 2021

Sen xerarse debate a proposta queda aprobada por unanimidade , polo que as Festas Locais para o ano 2021 serán:

-Luns de Pascua (5 de abril)

-Luns da Barca (13 de setembro)

4.- PROPOSTA SOBRE ORDENANZAS MUNICIPAIS

A Secretaria expoñe que todos os integrantes do pleno teñen copia da Proposta de Alcaldía neste punto.

O Sr Alcalde explica : “ Fai uns meses e pola situación do momento retiráronse dúas ordenanzas. Visto que foi un verán mellor do esperado preparáronse estas dúas ordenanzas (explica brevemente o contido), cun cambio simbólico de tarifa, de 3,01 a 3 €, no primeiro caso. Coa do mercado buscase unha tarifa que sexa proporcional e faga pagar máis a quen máis espazo ocupa, diferenciando se ven un ou dous días ao mercado.”

Dna Sandra Vilela, intervén: “ Faime gracia o de pasar de 3,01 a 3 € e paréceme ben que se retomen as ordenanzas.”

D Carlos Fdez, expoñe: Era un bo momento para revisar todas as taxas do Concello e sobre todo a de lixo porque por exemplo o Parador paga pouco máis de 200€ ao trimestre, e debería de mirarse que tipos de negocios hai e actualizar. Non obstante, votarei a favor.”

Volve a intervenir o Sr Alcalde: “É verdade o que dis e empezamos a traballar na de lixo, coa diferenza entre vivendas e negocios, e comprométome a facela nesta lexislatura.”

Sometido o asunto a votación, o pleno por unanimidade acorda:

-Aprobar a ordenanza reguladora da taxa por ocupación do dominio público con mesas, cadeiras, tribunais.

-Aprobar a Ordenanza reguladora da taxa por utilización privativa do dominio público para venda ambulante no mercado semanal.

-Expoñer ao público as ordenanzas por prazo de 30 días.

-Considerar definitivamente adoptado este acordo se non se producen reclamacións ao respectol



CONCELLO DE MUXIA

Teléfonos: 981. 74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981. 74 22 98

Rúa Real, 35 - C.P: 15124 (A Coruña)

www.concellomuxia.com

E-Mail: correo@muxia.es

5.-PROPOSTA DE APROBACION DA MODIFICACION ORZAMENTARIA 16/2020.

O Sr Alcalde intervén: “Esta modificación sale a colación de que o PP presenta unha alegación aos orzamentos que priva ao concello de 50.000€, alegando que os orzamentos estaban inflados en concreto no ingreso do ICIO. Pedín informes e no mes de setembro vese que a previsión de recaudación por ICIO que había de 35.000€ xa era de máis de 70.000€ e así demostrouse que aquela alegación non era correcta. Esta modificación é para recuperar eses euros e usalos. O Club de Fútbol, ante a crise do Covid comunicanos que non vai gastar toda a subvención, polo que se recupera. En total para financiar esta modificación hai 72.988,85€.”

No seu turno a voceira do PP, Dna Sandra Vilela, expoñe: “Presento unha enmenda a esta proposta e quero explicala. Este pleno substitúe a un ordinario e dinos que era para sacar adiante o plan Reactiva, pero agora vemos que nesta modificación o Alcalde mete máis cousas. Sorpréndenos que en maio se votara en contra de axudas para autónomos porque non era legal e agora se traian. Esto chega tarde, había autónomos que as necesitaban naquel momento. Estamos de acordo co Plan pero non co resto da modificación. O ano pasado gastouse moito en revacheos e as estradas de Muxía seguen mal. Empecen a facer obras serias e deixe de tirar os cartos de todos. Fala dun brazo para o tractor e contrata a dúas empresas para desbroce. Vostede e o seu goberno fai menos con moito máis. Trouxo 3 modificacións con cargo ao remanente e total para que? Propoñemos que se abra o Plan Reactiva e o de Afafes, pero non seremos máis tempo cómplices deste chantaxe político. Se a emenda non se acepta absterémonos.”

Seguidamente é o turno de D Carlos Fdez: “ Non me parece normal a actitude do PP e votarei a favor da proposta por varias razóns e eso que teño reparos. Votarei a favor porque vai revacheo e accesos a núcleos de poboación, pero debe de asumir, Sr Alcalde, que está en minoría e ten que negociar, e ao resto da oposición dígolle que hai dúas opcións: bloquear o Concello e pagaremolo todos, ou facer unha moción de censura. Non me parece ben o de destinar 7000 € a cestas de Nadal porque poderían ir a xente que realmente o necesita. Creo que hai que empezar a licitar, non podemos seguir pagando así SAF, Productos de depuradora, etc. ”

A continuación intervén Dna Mónica Vilela: “Non estivemos de acordo con que se pospuxera o Pleno ordinario. Vostede di na prensa que vai traer o do Plan Reactiva e no mesmo día sale que o Concello de Cee xa o aprobara. Lanza a noticia primeiro e logo trae a pleno, é unha trampa. Non estamos en contra da vecindade e esta modificación de crédito non debe de traerse así, pero non iremos en contra dela. Debe de pensar en negociar, tiñamos o dereito de marchar porque vostede non contaba con nós para nada.”

Intervén o Sr Alcalde:” Manifestei que non faría dous plenos por razóns económicas. Vou enumerar o que vai na modificación. O do brazo do tractor é o empregado quen me di que con elo apurárase máis o traballo. O dos accesos refírese a acopiar material e os empregados municipais farán os traballos. En canto ao Plan Reactiva, eu estaba en desacordo de que o Concello asumira en solitario esa competencia que non lle corresponde, e vostede di que as axudas chegan tarde?. Pero chegan as de Deputación, as

da Xunta non, sego a esperar que as apoie. Respecto a AFAFE, se poñe unha persoa en contacto connmigo explicando a tarefa da Asociación, e cremos que é interesante axudalos.

Os 7000 euros das cestas de Nadal, non sei se dan o quitan votos pero nadie, nin sequera o BNG cando co-gobernou aquí as retirou.

Protestamos de como están as vías e non queremos facer agora revacheos? Para elo vai o de pavimentación.

Non hai nada oscuro no que se propoñe na modificación.”

Volve a intervir Dna Sandra Vilela: “Di vostede que para poder utilizar diñeiro para axudas de autónomos tivo que pedir autorización á Xunta, porque non é competencia municipal, e por que non o fixo antes?.

Non digo que haxa nada escuro senon unha pésima xestión, gasta 1,6 millóns de euros e non foi capaz de facer a pista de Gatarante. Se co diñeiro que gastou non pode facer pistas é que vostede é un alcalde pésimo. “

A continuación o Sr Alcalde somete a votación a enmenda do grupo municipal do PP, que queda rexeitada polos votos en contra do grupo municipal PSOE (3), D Carlos Fdez, Dna Mónica Vilela, D Manuel Caramés e Dna Tania Senlle e os votos a favor do gm PP (3).

A continuación o Sr Alcalde somete a votación a proposta de Alcaldía.

O Pleno por sete votos a favor do gmPSOE (3), D Carlos Fdez (BNG) Dna Mónica Vilela, D Manuel Caramés, Dna Tania Senlle, a as abstención dos integrantes do grupo municipal do PP (3), acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 16/2020 do Orzamento da Corporación para o ano 2020 mediante suplemento de crédito financiado con maiores gastos sobre os totais previstos no orzamento e por baixas de anulación, por importe neto de 73. euros de acordo co seguinte detalle:

GASTOS A INCREMENTAR.

APLICACIÓN	INCREMENTO	FINALIDADE	MODIFICACIÓN
920.62300	10.100,00	Inversión nova en maquinaria,. Brazo para o tractor desbrozador	Suplemento de crédito
1531.21000	17.700,00	Acceso aos núcleos de poboación. Gastos en infraestruturas e bens naturais,	Suplemento de crédito
241.48900	15.000,00	Fomento do emprego. Transferencias correntes. PEL Reactiva,	Crédito extraordinario
231.48900	1.500,00	Atención social primaria. Transferencia correntes. Subvención nominativa a AFAFES. Asociación de Familiares de enfermos de Alzheimer.	Suplemento de crédito
912.22699	7.000,00	Órganos de goberno. Gastos diversos	Suplemento de crédito
160.22706	5.000,00	Alcantarrilado. Traballos realizados por outras empresas. Estudos e traballos técnicos	Suplemento de crédito
1532.21000	15.000,00	Pavimentación de vías públicas. Gastos	Suplemento de crédito



CONCELLO DE MUXIA

Teléfonos: 981. 74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981. 74 22 98

Rúa Real, 35 - C.P: 15124 (A Coruña)

www.concellomuxia.com

E-Mail: correo@muxia.es

		en infraestruturas e bens naturais,	
1623.22700	1.688,85	Tratamento de residuos. Traballos realizados por outras empresas	Suplemento de crédito
TOTAL	72.988,85		

GASTOS A MINORAR:

APLICACIÓN	INCREMENTO	FINALIDADE	MODIFICACIÓN
41 489.03	20.000,00	Transferencias correntes. Subvención nominativa a Muxía C.F	BAIXA POR ANULACIÓN
TOTAL	20.000,00		

INGRESOS.

CONCEPTO	IMPORTE	FORTE DE FINANCIAMENTO
290.00	52.988,85	Imposto sobre construción, instalación e obras
TOTAL	52.988,85	

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes ante o Pleno. Estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de non se presentaren reclamacións durante o período de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o citado expediente, entrando en vigor una vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

6.-MOCION DO PSOE SOBRE O SOBRECUSTE DOS GASTOS DE LIMPEZA E DESINFECCION DOS CENTROS EDUCATIVOS PARA OS CONCELLOS

O Sr Alcalde manifesta: “Trátase de facer unha labor sanitaria e non de simple limpeza de centros. Facemolo polos nenos e nenas de Muxía pero queremos reclamar á Xunta para que o faga ou financie os gastos.”

Intervén Dna Sandra Vilela: “Cantos son esos gastos? (O alcalde responde que non os ten cuantificados). É sorprendente que non sepa canto é ese sobrecuste. Hai un convenio entre a Fegamp e a Xunta de 2006 no que os concellos asumen a limpeza dos centros de primaria. Cando a crise comprou equipos de desinfección e levamos meses vendo ao goberno vendendo que está facendo a limpeza en espazos privados con esas maquinaria e sorpréndenos que diga que os concellos os veña a limpar a Xunta. Cremos que a competencia é municipal e o problema non pode ser moi grave porque nin sequera sabe como estas, canto é ese sobrecusto.”

No seu turno D Carlos Fdez expoñe: “A seguinte moción é máis ou menos o mesmo e direi que falades dun acordo coa Fegamp de 2006. Dende entón aprobastes unha Lei de Racionalización e sustentabilidade da Admon Local e querían con ela quitarlle competencias aos concellos, e respecto aos colexios indicase nela que os concellos só cooperarán na vixiancia, mantemento pero non inclúe a limpeza e menos a

desinfección nin o gas ou electricidade. Pero, esa Lei tiña trampa porque eses gastos tería que asumilos a Xunta pero non di a Lei o prazo para elo. Non sería momento para que a Xunta asumise esa competencia?”

Dña Mónica Vilela intervén: “ Ambas mocións van na mesma dirección e é unha vergoña que a Xunta non aporte algo máis en materia de limpeza no Covid cando é un problema moi grave.”

O Sr Alcalde volve a intervir: “Non dixeran que fora un problema brutal pero si grave e dixelles ás Anpas que o asumín por seguridade dos veciños/as, pero pídlle á Xunta que axude porque é un tema sanitario da súa competencia, non é limpeza ordinaria.”

Sometido o asunto a votación, a proposta é aprobada por 3 votos en contra do grupo municipal do PP, e o resto dos integrantes do pleno a favor (7), e polo tanto o pleno acorda:

- 1.-Instar á Xunta de Galicia a cumprir coas súas obrigas e responsabilidades no ámbito sanitario e educativo, dispoñendo dos medios materiais e persoais e dos recursos económicos que sexan precisos para garantir que a volta a clase e o curso académico poda desenvolverse de maneira presencial, segura e con calidade.
- 2.-No caso de que a Xunta de Galicia decida encomendar ás entidades locais novas funcións e responsabilidades en materia de conservación e mantemento dos centros educativos, proceda á delegación formal das mesmas e realice a correspondente consignación orzamentaria para sufragar tales gastos.
- 3.-Instar á Xunta de Galicia a que proceda á compensación dos sobrecustes que os concellos están a soportar como consecuencia dos gastos de limpeza e desinfección dos centros educativos.

7.-MOCION BNG SOBRE PROTOCOLOS COVID 19 NO ENSINO

Sen xerarse debate por entendela debatido no punto anterior, sometese a votación e a proposta é aprobada por 3 votos en contra do grupo municipal do PP, e o resto dos integrantes do pleno a favor (7), e polo tanto o pleno acorda:

- 1.-Amosar o rexeitamento ao Protocolo COVID19 para o ensino, aprobado pola Xunta de Galicia, así como apoiar as demandas da comunidade educativa nesta materia.
- 2.-Esixir á Xunta de Galicia a elaboración e financiamento do Plan extraordinario de limpeza e mantemento dos colexios deste concello derivado da COVID-19, asumindo a totalidade do sobrecuste.
- 3.-Emprazar á Xunta de Galicia a abrir un proceso de diálogo urxente coa comunidade educativa e a FEGAMP, co obxecto de resolver os problemas derivados do Protocolo, elaborado de forma unilateral pola Xunta.
- 4.-Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galiza, á FEGAMP e ANPA ou ANPAS que teñan implantación na localidade.

8.-MOCION BNG SOBRE PECHE ISM DE CORCUBION



CONCELLO DE MUXIA

Teléfonos: 981. 74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981. 74 22 98

Rúa Real, 35 - C.P: 15124 (A Coruña)

www.concellomuxia.com

E-Mail: correo@muxia.es

Previo permiso da Alcaldía intevén D Carlos Fdez (BNG): Esta moción é apoiar á xente do mar porque hai uha intención de eliminar o ISM de Corcubión, e as persoas usuarias terían que desprazarse para todo o papeleo á Coruña. É un golpe máis para unha zona deprimida.”

Dna Sandra Vilela expoñe: “Comento tamén a nosa. É un servizo que para unha zona mariñeira como esta sería moi mala noticia o retiralo. É outro servizo que eliminan da Costa da Morte nun sector como o do mar que é alma da bisbarra.”

O Sr Alcalde intervén: “Votarei a favor das mocións, non me importa quen estexa arriba se prexudica aos veciños e veciñas. Tivemos unha reunión coa Directora Provincial do ISM e a Subdirectora do Goberno e dinnos que trasladasemos aos patróns maiores que non ían pechar a oficina. Estaremos cos patróns dos nosos municipios, e utilizaremos as vías de protesta que sexan necesarias.”

D Calos Fdez na súa intervención felicita ás cofrarías e sobre todo á de Muxía pola campaña que fixeron e a presión realizada.

Sometida a moción a votación, queda aprobada por unanimidade do pleno, e polo tanto acordase:

- 1.-Esixir á Dirección Provincial do ISM a permanencia dos servizos prestados ata o de agora nas súas oficinas de Corcubión.
- 2.-Dar traslado do presente acordo á Dirección Provincial do ISM e á Secretaría de Estado, S.Social e Pensións, dependente do Ministerio de Inclusión Social e Migracións.

9.-MOCION DO PP SOBRE O PECHE DO ISM DE CORCUBION

Sen xerarse debate por entender o asunto debatido no punto anterior, o Pleno por unanimidade dos seus integrantes presentes (10) acorda aprobar a seguinte moción:

- 1.-Instar á dirección do Instituto Social da Marina a que reestableza o servizo sanitario no ente de Corcubión á maior brevidade posible.
- 2.-Instar á dirección do Instituto Social da Marina a decaer das súas intencións de peche e manter aberto o organismo en Corcubión.
- 3.-Que o concello de Muxía traslade o seu apoio ao sector do mar local trasladando o presente acordo á Cofraría de Pescadores "Virxe da Barca".

10.-MOCION PP SOBRE CONCILIACION DOS PAIS NAIS DE NENOS CON NECESIDADES ESPECIAIS.

Dna Sandra Vilele expoñe : “Deste tema danos traslado unha compañeira, Agueda Díaz que ten contacto coa Asociación, e dinos que hai pais e nais que teñen que levar ao centro Aspanais, en Santiago aos seus fillos/as todos os días , e que outros concellos deron unha solución que queremos que tamén se dea aquí. Dinos tamén que se quere que se teña en conta en actividades, etc a ese sector.”

Carlos Fdez manifesta o seu acordo, ao igual que Dna Mónica Vilela que añade que a Asociación debería de ter unha reunión con eles para informar.

O Sr Alcalde intervén:” Votaremos a favor sen ningún tipo de argumento esquivo e non poñéndonos en temas de competencias para argumentar un voto negativo, e ver a posibilidade con outros alcaldes por exemplo dunha subvención nominativa.”
Sométese o asunto a votación e o pleno por unanimidade, acorda:

-Que o concello de Muxía en colaboración coas asociacións e colectivos especializados no ámbito da diversidade, adopte as medidas necesarias para garantir o transporte destes nenos ao centro especializado en Santiago de Compostela, garantindo o seu dereito a educación e ao seu desenvolvemento vital.

-Buscar a colaboración doutras administracións públicas para acadar ditos obxetivos e facer que o día a día destas familias sexa un pouco máis doado.

-Busar a colaboración do resto de concellos da comarca para garantir un servizo eficaz e duradeiro no tempo e facelo economicamente viable.

-Adoptar as medidas necesarias para que os parques infantís do noso concello sexan adaptados con infraestruturas para o xogo e o esparcemento destes nenos.

11.-CONTROL ORGANOS DE GOBERNO. ROGOS E PREGUNTAS.

Comeza o punto coa intervención de Dna Sandra Vilela, voceira do Grupo Municipal do PP: “Hai unha obra que se está levando a cabo na zona de “francia”, é unha zona moi pequena e queremos saber se quedan casas fóra do saneamento.

De quen foi a decisión de suspender o novenario da Barca?

Teñen coñecemento das queixas sobre o alumeado en Frixe?”

Seguidamente é o turno de D Carlos Fdez (BNG): Que se vai facer coa depuradora de Quitáns que ao parecer non funciona como debe?

É posible grabar os plenos e colgalos na pax web municipal?

Respecto a esa pax web, quero recordar que é un servizos público pagado por todos nós e non unha plataforma de propaganda política partidista.

Pídlle, xa que é o Alcalde de todos/as, que conteste aos veciños con educación e non ten sentido o que di nas redes sociais de “que o fagan os seus”.

Intervén a continuación Dna Mónica Vilela: “ Quero aclarar que se me faltou ao respecto como Concelleira de Cultura, pois a Rede Cultural, o mérito da que vostede da a actual concelleira, pedíuse en marzo e resolveuse en xuño de 2020.”

Contesta o Sr Alcalde: Hai unha rede cultural, creo que se organizou e reorganizou moito e eso fíxoo a persoa que está aquí e sen dedicación. Grazas Olalla, asumistes un peso moi grande, de pronto e sen dedicación.

En canto á páxina web do Concello, non vexo nela falar do PSOE, se non do que fai o Alcalde e o Goberno. Demostramos toda a actividade que se está a facer.

Respecto ás redes sociais privadas, non falto nunca ao respecto a nadie, outra cousa é que unha persoa estea continuamente picando.



CONCELLO DE MUXIA

Teléfonos: 981. 74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981. 74 22 98

Rúa Real, 35 - C.P: 15124 (A Coruña)

www.concellomuxia.com

E-Mail: correo@muxia.es

En canto a grabar os plenos, non hai problema. E respecto á depuradora de Quintáns que segundo me din é moi antiga, hai que acometer o problema con seriedade.

En canto me avisaron o da luz de Frixe intentámolo arranxar.

En canto a novena houbo unha xuntanza co Sr. Cura e a Comisión de Festas e falamos de todas as posibilidades, e ao chegar noticias do aumento de casos e pese a ser devoto da Virxe da Barca, por responsabilidade e medo a dañar a imaxe da Romería se houberse brote optouse por suspendela.

O saneamento de “francia” executarase segundo o proxecto. Fun ali e dixéronme se ía a conectarse outra zona, pero ao parecer xa tiña conexión por outra parte. De todas formas mirareno”

E ao non existir máis asunto de que tratar na Orde do Día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión. Do actuado nela Eu Secretaria DOU FE.

Visto e prace,
O Alcalde

A Secretaria